

**ACTA NUMERO VINTETRES DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO
EN SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE O DÍA SEIS DE
FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
D. David Otero Domínguez
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. Manuel Lores Puente

EXCUSADOS:

D. Constantino Sanmartín Quiñones
D. José-Ramón López Fernández
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:

D^a Gloria González Camiña
D^a Sandra Fernández Agraso

SECRETARIO :

D^a. M^a del Carmen Merino Moína.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as dez horas e cinco minutos do día seis de Febreiro de dous mil nove.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcadesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesiões os Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión Extraordinaria e Urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto.-----

A **Sra. Alcaldesa** somete á consideración do pleno a ratificación do carácter urgente desta sesión, motivado pola necesidade de repetir o sorteo para elixi-los membros das mesas electorais, polos problemas xurdidos na execución da aplicación informática do sorteo celebrado o pasado día 2 de febreiro ó utilizar un censo electoral non actualizado. Sometida a votación a ratificación da urxencia desta sesión, resulta aprobada por unanimidade.-----

253 : DEIXAR SEN EFECTO O SORTEO REALIZADO O DÍA 2 DO ACTUAL MES, PARA ELIXIR OS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS “ELECCIÓN S Ó PARLAMENTO DE GALICIA 2009” : A **Sra. Alcaldesa** manifesta que debido ó erro producido no sorteo celebrado o pasado día 2, pola incorrecta utilización da aplicación informática ó utilizar un censo electoral non actualizado, debe procederse á anulación de dito sorteo e á celebración doutro sobre a base do censo electoral actualizado.

D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifesta que debido a un erro celebrárase un novo pleno có custo que conleva; por iso fai constar que os representantes do BNG non cobrarán pola asistencia a esta sesión plenaria.

A **Sra. Alcaldesa** lle agradece este xesto.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía, acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)**.

Votos pola **abstención: dous (Grupo Municipal do BNG)**.

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, adoptou o acordo de deixar sen efecto o sorteo realizado o día 2 do actual mes, para elixi-los membros das mesas electorais nas “Eleccións ó Parlamento de Galicia 2009”.-----

254 : SORTEO PARA ELIXIR OS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS “ELECCIÓN S Ó PARLAMENTO DE GALICIA 2009” : Por **D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestase que, unha vez aclarados os termos e o carácter dos dous sorteos, non ten inconveniente en celebrar o sorteo reserva en primeiro lugar.

A **Sra. Alcaldesa** manifesta que procederá a realizar os dous sorteos, deixando o segundo de reserva como se determinou na sesión anterior.

Pola **Sra. Secretaria** se informa que é unha práctica habitual nalgúns Concellos celebrar máis dun sorteo, na mesma sesión, para ser utilizado o de reserva nos casos en que a Xunta electoral de Zona solicite do Concello novos nomeamentos por escusas dos nomeados aceptadas pola Xunta electoral, a fin de evitar a convocatoria doutro pleno. Indica que ambos sorteos son completos e non exclúen a ninguén, con designación por mesa dun presidente, dous

vogais e dous suplentes para cada cargo.

De orde da Presidencia, a **Sra. Secretaria** deu lectura ó primeiro sorteo dos membros das vintedúas mesas electorais, que constan cada unha dun presidente, dous vogais e dous suplentes para cada cargo.

D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, indica que, pola súa banda, non é preciso a lectura do sorteo reserva; polo que coa conformidade do resto dos Grupos, a Sra. Secretaria non deu lectura ó mesmo.

As listaxes quedan baixo a tutela da Secretaria actuante, quen as sela e asina, incorporándoas ó expediente administrativo do proceso electoral e das que se dará conta á Xunta Electoral de Zona nos impresos oficias.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE** :